




WEB

<http://centros.edu.xunta.es/ceippioxii>



Como anunciabamos no número anterior de Banzo, neste trimestre estreamos páxina web. A páxina web oficial do colexio podedes atopala no seguinte enderezo <http://centros.edu.xunta.es/ceippioxii>.

Nesta páxina que estamos a construír, podes atopar información relativa ao colexio, desde impresos da secretaria do centro, actividades complementarias e escolares, as nosas publicacións, un área de xogos de computador e unha galería de fotos organizada que progresivamente se irá completando coas actividades que se vaian realizando.

Para calquera suxestión podes dirixirte ao noso e-mail desde a mesma web.

Desexamos que esta ferramenta, que vai supor un esforzo considerable de actualización, sexa recibida con interese por parte de todas e todos e que fagamos dela outra nova vía de contacto áxil e rápida entre toda a comunidade educativa.

COMEDOR ESCOLAR




Despois de darlle moitas voltas para o seu emprazamento, o final atopouse unha solución para a construción do novo comedor escolar, situarase enriba do primeiro módulo do edificio por Poza de Bar, comezando as obras cando remate o curso.

É un comedor amplo cunha capacidade para máis de 200 alumnos/as, con ascensor e demais servizos.

Quizais o peor sexa que teña que seguir funcionando con servizo de catering ao non dispor dunha ampla cociña para poder facer directamente as comidas.

Estará a disposición dos usuarios para o vindeiro curso



Colaboran



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA



CONCELLO
DE SANTIAGO
CONCELLERÍA DE
EDUCACIÓN